



PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- COMO SOMOS?	3
2.1.- Contexto socioxeográfico	3
2.2.- Características do centro.....	3
2.3.- Alumnado e profesorado	4
2.4.- Outros membros da comunidade educativa	4
3.- COMO ESTAMOS?	5
3.1.- Estado da convivencia no centro: profesores, alumnado, PAS e familias	5
3.2.- Aspectos de xestión e organización docente que inflúen na convivencia	5
4.- QUE QUEREMOS?	6
4.1.- Fins e principios.....	6
4.2.- Obxectivos xerais	7
4.3.- Obxectivos específicos.....	7
5.- COMO O FAREMOS?	8
5.1.- Liñas xerais de actuación	8
5.2.- Medidas e actuacións.....	8
5.2.1.- Organizativas, curriculares e de coordinación.....	8
5.2.2.- Formación do profesorado.....	9
5.2.3.- Dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa	9
5.2.4.- Dirixidas a previr condutas contrarias ás normas de convivencia.	9
5.2.5.- Relacionadas co acoso escolar	10
5.2.6.- Medidas ou programas para promover a convivencia no centro	10
5.3.- Normas de convivencia do centro emanadas das NOFC.....	11
5.4.- Procedemento para a recollida de incidencias ou incumprimento das normas	12
5.5.- Condutas contrarias á convivencia e correccións	13
5.5.1.- Condutas leves contrarias á convivencia	13
5.5.2.- Correccións aplicables ás condutas leves contrarias á convivencia.....	13
5.5.3.- Condutas graves contrarias á convivencia	13
5.5.4.- Correccións aplicables ás condutas graves contrarias á convivencia	14
5.6.- Aula de convivencia inclusiva.....	15
5.6.1.- Obxecto e destinatarios.....	15
5.6.2.- Criterios e condicións para a atención do alumnado	15

5.6.3.- Profesorado	15
5.6.4.- Horario e localización	16
5.6.5.- Material didáctico.....	16
5.7.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso	16
5.7.1.- Protocolo de actuación	16
5.7.2.- Estratexias de prevención	21
5.7.3.- Ciberacoso escolar.....	22
5.8.- A mediación escolar	23
5.8.1.- Equipos de mediación	23
5.8.2.- Características e funcionamento	23
5.8.3.- Procedemento previo	23
5.8.4.- Procedemento resolutorio.....	24
5.8.5.- Pautas para derivar un caso de conflito ao equipo de mediación.....	24
5.9.- Programa de habilidades sociais.....	25
5.10.- Comisión de convivencia. Composición, funcións e reunións	25
5.10.1.- Composición.....	25
5.10.2.- Funcións.....	26
5.10.3.- Plan de reunións.....	27
6.- QUE NECESITAMOS?	27
6.1.- Recursos materiais e formativos	27
6.1.1.- Recursos materiais.....	27
6.1.2.- Recursos formativos.....	27
6.2.- Recursos humanos. Responsables da posta en práctica.....	28
7.- COMO O APLICAMOS?.....	28
8.- COMO O REVISAMOS E AVALIAMOS?	29
9.- COMO O DIFUNDIMOS?	30
9.- ANEXOS	32

1.- INTRODUCCIÓN

Entendemos que para conseguir un clima de convivencia adecuado é preciso respectarse mutuamente, asumir unhas normas comúns, aceptar outras opinións e formas de vida e resolver os conflitos por medios non violentos.

A convivencia baséase, polo tanto, nunha serie de pautas e comportamentos que facilitan dende a aceptación e o respecto do outro como persoa, ata asumir que as diferenzas enriquecen.

Ademais, a convivencia vese afectada polas interaccións entre os diferentes compoñentes da comunidade educativa. Por este motivo, o fomento do clima que perseguimos depende da devandita comunidade como unha globalidade.

2.- COMO SOMOS?

2.1.- Contexto socioxeográfico

O centro enclávase na periferia da cidade de A Coruña, concretamente no distrito de Feáns. Arredor deste poboado xurdiron novos conxuntos urbanísticos que multiplicaron a poboación.

O nivel socioeconómico da zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio-baixo. A poboación desenvolve o seu labor fundamentalmente nos sectores de servizos. Nos últimos anos estase a producir un crecemento da poboación que repercute nun incremento do alumnado que asiste aos centros educativos do concello en xeral, e en particular ao CEIP Alborada e CEIP Plurilingüe Manuel Murguía.

2.2.- Características do centro

Debido á antigüidade do colexio, obsérvanse as seguintes carencias:

- O edificio é pequeno e con tres andares, que dificultan a deambulación cómoda polas súas instalacións. Agravado polo feito de que os accesos fanse todos por escaleira cun pasamáns demasiado alto para os nenos/as máis pequenos.

- O recinto exterior do centro presenta a mesma complicación, existen distintos desniveis que dificultan que os nenos/as poidan xogar, e ademais tanto o espazo de Educación Infantil coma o de Primaria son demasiado pequenos. Os días de choiva os alumnos/as de Educación Infantil teñen que permanecer na aula ou no ximnasio (de dimensións bastante reducidas), e os de Primaria repártense entre as aulas, o ximnasio e un pequeno patio cuberto.
- Existen poucos baños: dous na planta sótano (no ximnasio), un en cada aula de Educación Infantil e 3 na planta baixa.
- Recentemente proxectouse e levouse a cabo unha ampliación para o centro, posto que as aulas existentes eran insuficientes.

2.3.- Alumnado e profesorado

O centro recibe alumnado da urbanización Novo Mesoiro e, en menor medida, da urbanización Breogán, Feáns e o poboado de etnia xitana de “As Rañas”.

Asisten 203 alumnos e alumnas. En 5º e 6º de Educación Primaria a ratio é moi baixa (en torno aos 12 alumnos/as), pero nos demais cursos de Educación Primaria e mesmo en Educación Infantil acada e supera nalgúns casos 25 alumnos/as por aula.

O catálogo de postos de traballo establece para este centro 3 unidades de EI e 6 unidades de EP.

No tocante ao profesorado:

- Profesorado definitivo: 4 de EI, 5 de EP, 1 de EM, 1 de EF, 1 de PT, e 1 LE (inglés).
- Profesorado provisional: 1 de EP.
- Profesorado itinerante: 1 de AL e 1 de Orientación, provenientes de distintos centros da Coruña. Ademais, 1 de Relixión católica e 1 de Evanxélica.

2.4.- Outros membros da comunidade educativa

Dispoñemos dunha persoa de limpeza e unha en funcións de conserxe, dependentes do concello.

Existe unha ANPA que colabora no funcionamento do centro, e na organización de actividades extraescolares e do comedor.

Tamén hai persoal de comedor dependente da ANPA.

3.- COMO ESTAMOS?

3.1.- Estado da convivencia no centro: profesores, alumnado, PAS e familias

O estado da convivencia no centro é bo. Os conflitos que poidan xurdir entre os distintos membros da comunidade educativa clasifícanse:

- Profesor-alumno:
 - Condutas disruptivas na aula. FRECUENTES.
 - Falta de hábitos de convivencia. ESPORÁDICAS.
 - Mala xestión das habilidades emocionais. FRECUENTES.
 - Indisciplina e falta de respecto ás normas. FRECUENTES.

- Alumno-Alumno:
 - Situacións conflictivas nos períodos de lecer. FRECUENTES.
 - Mala xestión das habilidades emocionais. MOI FRECUENTES.

- Profesor-profesor:
 - Problemas coa xestión dos espazos. ESPORÁDICAS.
 - Coordinación das festividades que engloban a todo o centro. TRIMESTRAIS.

- Profesor-Familias:
 - Malos hábitos coas redes sociais que inciden no centro negativamente. PUNTUALMENTE.
 - Falta de interese por parte dalgunhas familias na educación dos seus fillos/as. CASOS ESPECÍFICOS.
 - Perda de autoridade por parte dos docentes. PUNTUALMENTE.

3.2.- Aspectos de xestión e organización docente que inflúen na convivencia

Os conflitos sinalados prodúcense cunha frecuencia moi baixa, e a situación xeral de convivencia no centro podemos catalogala de normal. Por último, as medidas consideradas como máis efectivas son as que afectan ao ámbito organizativo, así como as que afectan á mellora en habilidades sociais e ás

relacionadas coa cooperación das familias, xunto a medidas de modificación de conduta.

Para observar e detectar os conflitos que xurdan utilizaremos estas situacións habituais no funcionamento do centro:

- Vixilancias.
- Condutas de aula.
- Recreos.
- Entradas e saídas.
- Transporte.
- Relacións coas familias.

Hai aspectos que sería desexable mellorar e nos que xa estamos a traballar:

- Información para o profesorado que se incorpora novo ao centro.
- O traballo en equipo dos membros do Claustro.
- A acción titorial para a Educación Infantil e Primaria.

4.- QUE QUEREMOS?

4.1.- Fins e principios

Pretendemos acometer os seguintes fins e principios baseados no artigo 3 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación de persoas.
- Previr e tratar as situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- Promover a resolución pacífica de conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

4.2.- Obxectivos xerais

Pretendemos acometer os seguintes obxectivos xerais baseados no artigo 12 do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

- Fomentar no centro valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a conciliación e/ou mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos.

4.3.- Obxectivos específicos

Pretendemos acometer os seguintes obxectivos específicos baseados nos fins, principios e obxectivos xerais anteriormente expostos:

- Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- Revisar e adaptar os documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima do centro.
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e da aula.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e o centro sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas.

- Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.

5.- COMO O FAREMOS?

5.1.- Liñas xerais de actuación

Fundamentarémonos na legalidade vixente actualmente, especialmente na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

Todas as nosas accións irán encamiñadas a:

- Mellorar a convivencia escolar por parte de todos os sectores da comunidade educativa.
- Garantir unha educación no exercicio dos dereitos e deberes dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Tentar previr todo tipo de conflitos e violencia e avogar pola súa resolución pacífica en caso de producirse

5.2.- Medidas e actuacións

5.2.1.- Organizativas, curriculares e de coordinación

- Os diversos órganos unipersonais e colexiados buscarán procedementos de información e toma de decisións que fomenten as canles de participación.
- Adoptar acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña coherente e común.
- Colaborar o profesorado na correcta implantación das normas establecidas para o funcionamento dos servizos de comedor e transporte.
- Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como valor positivo, fomentando a igualdade e a inclusión.
- Incluír un axeitado tratamento das competencias clave nas diversas concrecións curriculares, dando especial relevancia ás competencias sociais e cívicas.

- Incorporar no Plan de Acción Titorial (PAT) actividades que fomenten un bo clima nas aulas.
- Establecer unha data semanal para reunión do profesorado, onde coordinarse, intercambiar información e planificarse de maneira conxunta.

5.2.2.- Formación do profesorado

- Incluír na Programación Xeral Anual (PXA) actividades formativas relacionadas coas distintas medidas recollidas neste plan.
- Facer formación específica do profesorado, elaborar materiais e documentos, e axustar os protocolos de actuación ás características do centro.
- Formar sobre a mediación como técnica de resolución de conflitos.

5.2.3.- Dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa

- Promover a participación na elaboración e revisión de documentos do centro, destacando os valores e normas que fomenten o diálogo, a igualdade e o consenso na toma de decisións.
- Diseñar actividades que permitan a participación do alumnado na formulación das normas do centro e da aula.
- Fomentar un estilo de dirección liderado, que favoreza a comunicación dos problemas.
- Utilizar asembleas de aula como instrumento de información, debate e participación.
- Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e noutras actividades, evitando as exclusións.

5.2.4.- Dirixidas a previr condutas contrarias ás normas de convivencia.

- Crear comisións e equipos de mediación, ademais doutras estratexias para a resolución pacífica de conflitos.
- Revisar no claustro, antes de comezo do curso, as normas de convivencia incluídas nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) e establecer acordos sobre formas de abordar o traballo destas normas co alumnado.
- Dedicar un tempo semanal a traballar as normas da aula e do centro cos alumnos/as, unha vez comezadas as clases.

- Esixir, por parte dos mestres/as o cumprimento das normas a calquera alumno/a do centro cando a situación o requira.
- Garantir que todos os membros da comunidade coñezan os seus dereitos e deberes.
- Potenciar o uso positivo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e o espírito crítico ante os contidos de internet.
- Elaborar un protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula: parte de incidencia e actuacións do profesorado, titores e equipo directivo.
- Rexistrar os conflitos que se producen no centro para unha reflexión posterior sobre os mesmos.

5.2.5.- Relacionadas co acoso escolar

- Establecer canles para a denuncia das situacións de acoso escolar que garantan a confidencialidade.
- Vixiar as zonas comúns e mellorar as zonas de ocio.
- Elaborar orientacións e establecer programas formativos dirixidos ao profesorado, familias e alumnos/as de como previr e actuar ante situacións de ciberacoso.
- Solicitar o apoio da orientadora ante os indicios ou situacións que poidan derivar en acoso escolar.

5.2.6.- Medidas ou programas para promover a convivencia no centro

- Potenciar o funcionamento da Comisión de convivencia.
- Establecer reunións periódicas de todo o profesorado, para deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Establecer na Programación Xeral Anual (PXA) concrecións anuais de mellora da convivencia que teñan como referente este plan.
- Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.
- Ensinar a dialogar como medio para confrontar ideas e defender os nosos puntos de vista.
- Formular como obxectivo educativo aprender a traballar en grupo.
- Potenciar o traballo en equipo do profesorado como medio para desenvolver un proxecto común de centro.

- Educar sentimentos, actitudes e valores.
- Introducir estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Proporcionarlles aos alumnos/as unha educación para a igualdade entre mulleres e homes.
- Aplicar programas para a adquisición de habilidades e técnicas de resolución de conflitos mediante a negociación.

5.3.- Normas de convivencia do centro emanadas das NOFC

- Todo o alumnado deberá asistir diariamente a clase con puntualidade, ben aseado e co material preciso.
- O alumnado deberá seguir as orientacións do profesorado.
- A relación entre os diferentes membros da comunidade educativa basearase no respecto entre os mesmos.
- Ningún membro da comunidade educativa pode ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia.
- Coidarase e utilizarase correctamente todo o mobiliario e instalacións do centro e respectaranse as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- Ao longo do desenvolvemento da xornada escolar, evitarase correr e dar voces polos corredores e escaleiras e tratarase de facer as entradas e saídas sempre cunha orde razoable.
- Non se debe permanecer nos corredores ou saír aos servizos nos cambios de clase sen o permiso dun docente (preferible que o permiso o conceda o docente que lle corresponda na seguinte sesión).
- Fóra do horario lectivo, o alumnado non pode permanecer nos corredores nin nas clases sen a debida autorización e sempre cunha persoa responsable. Nos recreos non pode permanecer nas aulas sen un docente ao cargo.
- O profesorado de garda de recreo deberá atender as demandas e problemas que poidan xurdir nos patios. Procurarase que eses problemas queden solucionados no patio para que se trasladen o mínimo ás posteriores clases.
- As normas de convivencia deben respectarse tanto en período lectivo coma nas actividades complementarias e extraescolares.
- Non está permitido o acceso ás aulas de persoas alleas ao centro durante a xornada lectiva.

- Toda a comunidade educativa terá que respectar as normas, plans, procedementos e protocolos existentes no centro.

Estas normas de carácter xeral, así como as medidas correctoras correspondentes, concréntanse en diferentes apartados das NOFC.

Respecto ás **normas de clase**:

- Establecemos unhas de carácter básico comúns a todo o centro.
- Elaborarémolas en colaboración co alumnado, colaboración que se adecuará conforme á idade do devandito alumnado.
- Como toda norma, as que se elaboren irán acompañadas das correspondentes consecuencias.

5.4.- Procedemento para a recollida de incidencias ou incumprimento das normas

En cada aula haberá un libro cos partes de incidencia, onde se recollerán todos os feitos conflictivos que teñan lugar na mesma, tanto na titoría como nas diversas especialidades.

No caso de que a conduta contraria ás normas de convivencia tivera lugar nos períodos de lecer, tomarase nota ao volver á aula. Se estivesen implicados varios nenos/as de diferentes aulas, xerarase un parte de incidencias para cada un deles.

No parte de incidencias poderá deixarse constancia doutros acontecementos de certa relevancia como poden ser caídas de certa gravidade, retrasos ou faltas de asistencia.

Dependendo da incidencias, requirirán a firma do xefe de estudos, titor/a ou dalgún responsable do neno/a. No caso de non poder localizar ás familias ou que estas non asistan ao centro, e sempre que a incidencia non revista demasiada gravidade, poderán asinar varias delas na próxima reunión de titoría.

Nos anexos figura un modelo de parte de incidencias.

5.5.- Conduas contrarias á convivencia e correccións

5.5.1.- Conduas leves contrarias á convivencia

- Os actos que interrompan o normal desenvolvemento das clases.
- A negativa á realización das tarefas que o/a mestre/a encomende.
- As faltas sen xustificar de asistencia e puntualidade.
- Os actos de incorrección ou desconsideración con calquera membro da comunidade educativa.
- Causar pequenos danos nas dependencias do centro ou nos materiais de aula e dos compañeiros.
- Copiar nos exames ou falsificar traballos.

5.5.2.- Correccións aplicables ás condutas leves contrarias á convivencia

- Amoestación do/a profesor/a.
- Comparecencia perante a Directora.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar os danos causados.
- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias, por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un prazo máximo dunha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de 3 días (con traballo para ese período ou asistencia á aula de convivencia inclusiva).
- Suspensión, por parte da Directora, do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de 3 días (con traballo para ese período ou asistencia á aula de convivencia inclusiva).

5.5.3.- Conduas graves contrarias á convivencia

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas,

discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

5.5.4.- Correccións aplicables ás condutas graves contrarias á convivencia

- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou se procede, dirixidas a reparar os danos causados. Todo isto en horario non lectivo.

- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias, por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo para o resto do curso.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo mínimo de 5 días e non superior a dúas semanas (con traballo para ese período ou asistencia a aula de convivencia inclusiva).
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes (con traballo para ese período ou asistencia á aula de convivencia inclusiva).
- Cambio de centro.

5.6.- Aula de convivencia inclusiva

5.6.1.- Obxecto e destinatarios

A súa finalidade é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a recuperación á súa propia aula no menor tempo posible.

5.6.2.- Criterios e condicións para a atención do alumnado

A dirección ditará a resolución pola que se acorde que un alumno/a sexa atendido nesta aula, previa audiencia aos seus responsables legais.

Daráselle esta oportunidade a todo o alumnado sancionado coa perda do seu dereito de asistencia ao centro, excluindo aqueles casos que poidan supoñer unha ameaza de carácter grave.

En todo momento procurarase a mellora da conduta do alumno/a traballando habilidades sociais, reflexionando sobre os feitos e o seu propio comportamento, e pescudando alternativas de futuro.

O fin último é favorecer actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

5.6.3.- Profesorado

O profesorado de garda será o encargado de facerse cargo da aula de convivencia inclusiva. Correspóndelle supervisar as medidas e actuacións propostas

para este alumnado. Poderá contar en todo momento coa colaboración do departamento de orientación.

5.6.4.- Horario e localización

O horario da aula de convivencia inclusiva terá un formato reducido de 9:30 a 13:30. A razón é evitar que nas súas entradas e saídas do centro o alumnado afectado teña contacto cos demais alumnos/as e poida provocar conflitos. No tempo de lecer realizaranse traballos específicos.

Situarse no primeiro andar, na aula anexa á de informática.

5.6.5.- Material didáctico

Estará dotada de todo o material didáctico necesario, ademais de nutrirse, en formato de préstamo, do material dispoñible no departamento de Orientación e nas diversas aulas.

5.7.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar deben cumprirse 3 criterios: a intención de facer dano, a repetición das condutas agresivas e a perdurabilidade no tempo.

Consideramos as seguintes formas de acoso escolar:

- **Illamento social** con situacións de marxinación tanto activas como pasivas (non deixar participar, ignorar...).
- **Agresións verbais**. Tanto directas (insultos), como indirectas (críticas).
- **Agresións físicas**. Tanto directas, como indirectas (romperlle/roubarlle cousas).
- **Ameazas e chantaxes**.
- **Acoso sexual**. Tanto físico como verbal.

5.7.1.- Protocolo de actuación

1ª Fase. Coñecemento e comunicación da situación.

- Comunicación da situación de acoso escolar. Calquera que coñeza/sospeite que se está a dar unha situación deste tipo debe poñelo en coñecemento do titor que, a súa vez, o porá en coñecemento da dirección. Estas comunicacións

deben facerse intentando gardar o maior silencio posible e deben recollerse por escrito utilizando o Anexo I do protocolo de acoso escolar.

- Medidas urxentes de protección. A directora deberá, se o considera oportuno, establecer as medidas cautelares necesarias, tales como vixilancia de persoas ou lugares, evitación de contacto entre determinadas persoas ou solicitude de información.
- Designación dunha persoa de apoio á presunta vítima. A directora designará un mestre/a como apoio á presunta vítima. Procurarase que teña unha relación de cercanía coa mesma e que conte co asesoramento tanto do xefe de estudos, como dalgún membro de equipo de mediación como do departamento de orientación.
- 1ª Comunicación ás familias dos alumnos/as implicados. A directora comunicará os feitos e as medidas iniciais que se están a tomar, ás familias dos alumnos/as implicados pola vía máis rápida e segura. Esta medida non exime de que tamén se lles comunique por escrito utilizando os anexos 3 e 4 do protocolo de acoso escolar.
- Nomeamento dun responsable de pescudas, se procede. A directora pode nomear a unha persoa que se ocupe de realizar as debidas pescudas, sempre que os feitos non sexan claros. A esta persoa facilitaráselle nunha reunión, da que se levantará acta, a seguinte información:
 - ✓ Feitos acontecidos e tramites realizados pola dirección ata ese momento.
 - ✓ Copia dos partes de incidencia e medidas correctoras que afecten aos implicados.
 - ✓ Datos de absentismo escolar.
 - ✓ Informes dos titores.Este responsable debe facer as pescudas nun prazo máximo de 2 días, comunicándose cos implicados, titores, e recadando as probas necesarias. Ao terceiro día debe reunirse coa directora para dirimir se é necesario abrir un expediente.

- Comunicación a outros profesionais educativos ou axentes externos. A Directora pode requirir a colaboración doutros membros da comunidade educativa ou externos a esta. Se hai indicios de delito/falta comunicáraselle ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores. Se se iniciase un proceso penal, suspenderase o expediente ata a resolución deste.

2ª Fase. Recollida de información e rexistro.

- Recollida inicial de información. Debe facerse por escrito, de maneira discreta, utilizando distintas técnicas e instrumentos. Conterá datos identificativos do centro, do alumnado afectado, da persoa que recolle a demanda e da que a comunica, o tipo e gravidade do acoso, os lugares nos que se produce e os feitos observados.

Faranse varias entrevistas en presenza dun adulto (sempre que o entrevistado sexa un menor) e xerando un clima de confianza. Non poderán usarse os datos obtidos como proba dentro do expediente. No caso de haber varios entrevistados, deben facerse individualmente, nunca en conxunto.

Haberá as seguintes entrevistas:

- Entrevista individual á presunta vítima.
- Entrevista individual ás persoas posibles responsables do acoso.
- Entrevista individual ás persoas espectadoras.
- Entrevista individual ás familias.

A directora poderá solicitar o asesoramento e axuda doutros profesionais como son a orientadora do centro, policía local, nacional ou garda civil...

- Recollida dos datos. Finalizada esta fase rexístranse nun documento todos os datos para proceder a súa análise.

3ª Fase. Análise da información e adopción de medidas.

- Análise da información. O responsable das pescudas comunica á directora a información recadada, esta decidirá se é ou non dun posible acoso e, de ser o caso, tomará medidas provisionais e iniciará o expediente.

As actuacións que constitúan acoso escolar son gravemente prexudiciais para a convivencia e precisarán sempre da apertura dun expediente. Deberá comunicarse ás familias do alumnado afectado, á Inspección Educativa e ao/s titor/es do alumnado implicado.

- Medidas de protección á presunta vítima. Seleccionaranse as medidas que se consideren máis axeitadas ao caso dentro do seguinte listado:
 - Vixilancia dos implicados/as.
 - Solicitud de colaboración das familias para o control e seguimento dos seus fillos/as.
 - Asignación dunha persoa de apoio á vítima.
 - Reorganización do horario do profesorado para unha mellor atención ao alumnado afectado.
 - Encontros periódicos para facer seguimento do caso.
 - Titorías que fomenten as técnicas de relaxación, habilidades sociais, mellora de autoconcepto/autoestima...
 - Formación de grupos de axuda entre iguais, para acompañar á posible vítima, especialmente nos lugares de maior risco.
 - Cambio de grupo da persoa/s posible/s acosador/es.
 - Derivar a servizos profesionais externos ao centro aos implicados.
 - Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito pode ser constitutivo de delito/falta.

E todas aquelas que se consideren necesarias segundo as características e especificidade da situación.

- Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.

Exemplos de medidas reeducadoras:

- Elaboración polo departamento de orientación dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para resolver conflitos.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación sobre as consecuencias da súa conduta.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía.
- Programas de modificación de conduta.

- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos/as.
- Derivación a servizos profesionais externos.

Medidas correctoras. Aterémonos ao que figura nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) do centro para este tipo de condutas.

- Medidas para o grupo clase e alumnado espectador.
 - Organizar campañas de sensibilización contra o acoso escolar.
 - Levar a cabo programas de habilidades sociais.
 - Aprender a denunciar e rexeitar as condutas violentas de calquera tipo.
 - Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballo cooperativo.
 - Aprender a reflexionar sobre o propio comportamento
 - Facer xogos de rol para aprender a actuar ante situación de maltrato.
- Medidas para as familias.
 - Fomentar nos seus fillos/as o diálogo e a educación en valores, así como unhas axeitadas normas de convivencia no fogar.
 - Adquirir conciencia da súa importancia como educadores.
 - Aprender habilidades sociais para poder ensinalas aos seus fillos/as.
 - Facer un axeitado uso do tempo de lecer, ensinando un ocio activo e creativo.
 - Tomar conciencia da importancia da disciplina e ensinanza de límites.
 - Previr o sexismo, comunicando un modelo familiar non discriminatorio e o reparto de tarefas do fogar.
 - Ensinar un uso axeitado das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé no teléfono móbil, televisión e internet, e mantendo estratexias de control parental.
 - Favorecer a implicación familia-escola.
- Medidas para o equipo docente.
 - Formarse para saber detectar e intervir en situacións de acoso escolar.
 - Elaborar materiais e documentos axustados ás circunstancias do centro.
 - Unificar criterios de actuación.
 - Promover a colaboración do alumnado na resolución de conflitos.

4ª Fase. Seguimento e Avaliación.

Unha vez adoptadas as medidas previstas deberá facerse un seguimento das mesmas para que non se volva a repetir a situación e para ver se hai unha melloría no comportamento dos implicados.

Convén manter reunións periódicas coa/s vítima/s para coñecer o seu estado e se cesou o acoso.

A directora informará á Inspección do grado de consecución das medidas adoptadas.

5.7.2.- Estratexias de prevención

Centro

- Elaboración e revisión dos documentos do centro, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciación do funcionamento da Comisión de convivencia.
- Estilo de dirección liderado.
- Petición de axuda da orientadora ante posibles situacións de acoso.
- Reunións periódicas da CCP para deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia.
- Impulso da mediación para a resolución de conflitos.
- Difusión do Plan de Convivencia e das NOFC.
- Garantía de que todos os membros da comunidade coñezan os seus dereitos e deberes.
- Aceptación da diversidade como aspecto enriquecedor e fomento da inclusión.
- Atención ao desenvolvemento das competencias clave e, especialmente, as sociais e cívicas.
- Rexistro dos conflitos que se produzan no centro.
- Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- Vixilancia das zonas comúns.
- Programas educativos para a prevención e resolución de conflitos.

Aula

- Elaboración de normas de convivencia para a clase, facendo fincapé no caso do acoso, e sensibilizando contra o maltrato.

- Titorías nas que se fomenten os valores grupais, de amizade, de colaboración e de resolución axeitada dos conflitos.
- Traballo de habilidades sociais: autocontrol, empatía, resiliencia, xestión das emocións...
- Titorías e xuntas de avaliación para detectar posibles casos de acoso e absentismo.
- Contactos frecuentes coas familias, fomentando a mutua colaboración.
- Coñecemento e creación dun clima axeitado dentro da aula.

5.7.3.- Ciberacoso escolar

Consideramos como tal aquelas situacións de acoso escolar nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). De igual xeito que no acoso escolar, deben cumprirse 3 criterios: a intención de facer dano, a repetición das condutas, e a perdurabilidade no tempo.

Aínda que as situacións de ciberacoso se produzan fóra do contorno escolar, o centro terá a obriga de actuar sempre que obren no seu coñecemento.

O protocolo de actuación e as estratexias de prevención serán as mesmas que para os casos de acoso escolar. Engadimos a continuación algunhas estratexias preventivas de carácter específico:

- Formar ao profesorado nas TIC.
- Adoptar medidas de seguridade e control no software do centro.
- Prohibir o uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos no centro.
- Utilizar as redes con función didáctica e de aprendizaxe, salientando os seus aspectos positivos e tamén os seus perigos potenciais.
- Adestrar aos alumnos/as na importancia dos datos persoais e na non divulgación dos mesmos.
- Tomar conciencia do perigo de citarse con persoas que só coñecemos da rede.
- Proporcionar consellos para non acosar nin ser acosado na rede.
- Concienciar ás familias na importancia do uso racional das TIC e de establecer controis parentais sobre as mesmas.
- Potenciar a negociación e a responsabilidade como norma de achegamento as Tics.

5.8.- A mediación escolar

É unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Utilizarase como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión dos conflitos de carácter menos grave, por parte de calquera membro da comunidade educativa.

5.8.1.- Equipos de mediación

O seu coordinador será o xefe de estudos. Estarán formados por dous mestres/as e dous alumnos/as de 5º e 6º cursos, designados pola Dirección, oído o claustro. É imprescindible que os representantes do equipo de mediación se formen axeitadamente.

5.8.2.- Características e funcionamento

O obxectivo é acadar un acordo satisfactorio para ambas as dúas partes e que supoña unha mellora na convivencia no centro. A intención é que as persoas inmersas no conflito aprendan a solucionar os seus problemas chegando a un compromiso.

A participación neste procedemento non exime das medidas disciplinarias consecuentes, segundo as NOFC do centro.

5.8.3.- Procedemento previo

O mediador/a valorará se é mellor comezar inmediatamente coa resolución do conflito ou debe pospoñerse para que os implicados reflexionen ou se tranquilicen.

Preguntaráselles aos implicados/as no conflito se están dispostos/as a participar no proceso de mediación e a acatar os compromisos resultantes. De ser preciso, o mediador/a pode solicitar a axuda dun observador externo, así como de testemuñas.

O mediador/a amosará aos participantes determinado obxecto e explicaralles que tan só quen o porte terá dereito a ostentar a quenda de palabra. Esta técnica poderá obviarse no caso de que só haxa adultos implicados.

5.8.4.- Procedemento resolutorio

Por quendas, cada participante explicará o seu punto de vista. Os demais deberán escoitar sen interromper. Os participantes terán que ser o máis obxectivos posible na explicación dos feitos, tentando non ofender nin insultar coas súas palabras.

É moi importante solicitar ás persoas participantes que amosen como se senten, así como as súas motivacións e inquedanzas.

Acabados de expoñer os diferentes puntos de vista, pedirase aos participantes que suxiran algunha solución ao conflito na que as dúas partes queden satisfeitas. En caso de producirse un acordo, o mediador/a tomará nota por escrito.

Se non se acada un acordo:

- Alumnos/as
 - Se pertencen á mesma clase, trasladarase o conflito ao titor/a, que decidirá a mellor pauta de actuación.
 - Se pertencen a diferentes clases, trasladarase o conflito ao xefe de estudos ou ao mestre de garda, que decidirá a mellor pauta de actuación.
- Adultos.
 - O mediador devolverá o caso ao xefe de estudos co veredicto de “Non solventado”. Este tomará as medidas que considere máis axeitadas en base á lexislación educativa e ás NOFC do centro.
 - Reclamarase a presenza dos implicados para recadar se queren tomar algunha clase de medidas adicionais.

5.8.5.- Pautas para derivar un caso de conflito ao equipo de mediación

Alumnado.

1. Comunicación do conflito ao profesorado de garda de recreo ou ao titor/a (no caso de producirse na aula ou fóra do centro).
2. Se o/a docente informado/a decide que o conflito non reviste demasiada gravidade, pode derivar inmediatamente o caso a algún dos representantes do equipo de mediación (preferentemente alumnos/as).
3. Se o/a docente ten dúbidas sobre se procede ou non a mediación, debe poñelo en coñecemento do xefe de estudos, que decidirá en consecuencia.

Pais / Nais / Titores legais / Docentes e PAS.

1. Deberán comunicar o conflito ao xefe de estudos, que decidirá a pertinencia ou non da mediación.

2. No caso de considerarse axeitada, o xefe de estudos derivará inmediatamente o caso a algún dos representantes do equipo de mediación (preferentemente docentes).

5.9.- Programa de habilidades sociais

Utilizaremos os seguintes materiais para desenvolver o programa de habilidades sociais, dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria:

- Trabajando habilidades sociales básicas. Mª J. Pérez Fernández y Rocío Listán Moscosio. Ed. GEU.
- Habilidades sociales y emocionales 1. Antonio Vallés Arándiga, Consol Vallés Tortosa y Alfred Vallés Tortosa. Ed. Promolibro (Valencia).
- Me gusta quien soy. Antonio Vallés Arándiga. Ed. Escuela Española.
- En la mente. Marc Monfort. Ed. Entha

5.10.- Comisión de convivencia. Composición, funcións e reunións

5.10.1.- Composición

A Comisión de convivencia ten carácter consultivo, constitúese no seo do Consello Escolar e desempeñará as súas funcións por delegación deste.

Na súa composición, integrarase o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

Estará composta por representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no Consello Escolar do centro. Será presidida pola dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de convivencia corresponde á dirección, por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Cando a Comisión de convivencia o considere oportuno e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento das profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou

educadora social do concello ou doutros/as profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Atendendo o anteriormente exposto, neste centro queda composta por:

- A directora do centro.
- O xefe de estudos.
- Un representante do profesorado.
- Un representante das familias.
- Un/unha representante da ANPA.
- Un/unha representante de administración e servizos.

5.10.2.- Funcións

- a) Elaborar o Plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propoñer, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia.

Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5.10.3.- Plan de reunións.

Celebraranse as seguintes reunións:

- Ordinarias: 3 reunións anuais (unha por trimestre).
- Extraordinarias: Todas as necesarias a iniciativa da presidencia ou 1/3 dos compoñentes.

6.- QUE NECESITAMOS?

6.1.- Recursos materiais e formativos

6.1.1.- Recursos materiais

- Documentos do centro: Proxecto Educativo (PE), Plan de acción titorial (PAT), Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC), Plan de Convivencia e Protocolos.
- Programacións didácticas.
- Programa de habilidades sociais.
- Materiais do propio centro para traballar a convivencia.
- Materiais aportados por servizos externos ao centro.

6.1.2.- Recursos formativos

- Centro de Formación do profesorado.
- Cursos patrocinados polos diversos sindicatos.
- Cursos de entidades privadas sen ánimo de lucro.

6.2.- Recursos humanos. Responsables da posta en práctica

Os responsables da posta en práctica de cada medida, protocolo, programa e actividade xa foron resaltados en cada un dos apartados do presente Plan de convivencia. Fixamos agora un listado dos principais axentes, a modo de resumo:

- Directora do centro. Apoiada nos demais membros do equipo directivo.
- Xefe de estudos.
- Orientadora e demais membros do equipo de orientación.
- Profesorado. Tanto nas súas facultades de titor/a como nas gardas.
- Familias.
- Alumnado.
- Equipo de mediación.
- Comisión de convivencia.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Consello Escolar.
- Inspección Educativa.
- Servizos externos ao centro: Policía, asistencia social, psicólogos...

7.- COMO O APLICAMOS?

Este Plan de convivencia concretarase todos os anos na Programación Xeral Anual (PXA) con actividades para desenvolver ao longo do curso.

Cada un dos protocolos, equipos de mediación e programas mencionados, actuarán cando se produza algunha situación que os active. Ata ese momento permanecerán en estado de alerta e deberán formarse de maneira continuada.

Os diferentes equipos e comisións deberán ter un calendario de reunións que facilite a súa coordinación.

8.- COMO O REVISAMOS E AVALIAMOS?

O equipo directivo garantizará a participación na avaliación do Plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa.

Revisión e avaliación inicial.

Os distintos órganos de coordinación docente, así como a Comisión de convivencia, realizarán unha análise e valoración inicial do estado da convivencia e un repaso dos principais conflitos producidos no pasado curso escolar.

Proporanse medidas concretas para a mellora de convivencia das que sairá a concreción anual do presente Plan.

Revisión e avaliación formativa e continua.

A comisión de convivencia, en cada unha das súas reunións ordinarias trimestrais, valorará o cumprimento das medidas adoptadas, especialmente da concreción deste plan na Programación Xeral Anual.

O claustro de profesores, nas reunións trimestrais de avaliación, fará un seguimento do estado da convivencia no centro, facendo especial fincapé nos posibles problemas e situacións de risco, e aportando ideas para a súa mellora.

O departamento de orientación estará dispoñible para asesorar ou axudar na revisión e/ou avaliación do presente Plan de convivencia.

Revisión e avaliación final.

Ao final de cada curso escolar, a Comisión de Convivencia elaborará unha pequena memoria sobre o estado da convivencia no centro, incluírá propostas de melloras, de ser o caso.

Como axuda a toda esta avaliación usaranse, entre outros, os seguintes instrumentos: cuestionarios, anotacións, memorias finais, informes dos titores e do equipo directivo.

Indicadores de logro.

- O profesorado recibiu formación en materia de convivencia e resolución de conflitos.
- Os equipos de mediación funcionaron de maneira axeitada.

- As situacións de acoso escolar (de ser o caso) abordáronse con eficacia.
- A aula de convivencia inclusiva funcionou de maneira coordinada e supuxo unha mellora no comportamento do alumno/a (se tivo uso efectivo).
- A comunidade escolar coñece o Plan de convivencia e algunha das súas aplicacións.
- O alumnado recibiu formación en materia de convivencia, acoso escolar e resolución pacífica de conflitos.
- O programa de habilidades sociais produciu melloras no clima de convivencia do centro.
- A Comisión de convivencia realiza un traballo eficaz e efectivo.
- O Plan de Convivencia recibe modificacións que emanan da súa avaliación continua.
- Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no Plan de convivencia.
- Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto ao curso anterior.
- As actividades do Plan desenvólvense con coherencia, coordinación e efectividade.
- Os distintos sectores da comunidade educativa implícanse no desenvolvemento do Plan de convivencia.

9.- COMO O DIFUNDIMOS?

Consideramos que a mellor difusión deste Plan de Convivencia é a partir da posta en práctica das súas actividades, técnicas, instrumentos e programas. De todos os xeitos figuran a continuación algunhas actividades para a súa posta en coñecemento dos diferentes sectores da comunidade educativa:

- Presentalo no claustro de profesores, por medio da convocatoria dunha reunión extraordinaria.
- Elaborar un protocolo de acollida para profesores de nova incorporación ou substitutos temporais, dentro do que figure un resumo do Plan de convivencia.
- Presentar o Plan ao persoal de administración e servizos, e entregar un resumo do mesmo.

- Dar a coñecer o Plan ao alumnado por medio das titorías e traballos de aula.
- Informar aos pais/nais/titores legais nas reunións informativas de inicio de curso.
- Incluír na web do centro unha copia deste plan.

9.- ANEXOS

CUESTIONARIO SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO

1. Convivencia no centro

Clima de traballo e relacións entre o profesorado	1	2	3	4	5
As relacións co equipo directivo	1	2	3	4	5
As relacións do profesorado co alumnado	1	2	3	4	5
As relacións entre o alumnado	1	2	3	4	5
As relacións do profesorado coas familias	1	2	3	4	5
As relacións do centro con outros servizos	1	2	3	4	5

2. Partes en conflito máis frecuentes

Entre profesorado e equipo directivo	1	2	3	4	5
Entre profesorado	1	2	3	4	5
Entre profesorado e alumnado	1	2	3	4	5
Entre alumnado	1	2	3	4	5
Entre profesorado e familias	1	2	3	4	5
Entre familias	1	2	3	4	5

3. Os conflitos máis frecuentes

Agresións verbais	1	2	3	4	5
Agresións físicas	1	2	3	4	5
Intimidación e acoso	1	2	3	4	5
Problemas entre o profesorado	1	2	3	4	5
Condutas inadecuadas en clase	1	2	3	4	5
Indisciplina e faltas de respecto	1	2	3	4	5

4. Utilidade das diversas estratexias para a mellora da convivencia no centro

Reforzar a disciplina no centro	1	2	3	4	5
Consensuar normas entre alumnado	1	2	3	4	5
Fomentar o traballo cooperativo	1	2	3	4	5
Unificar os criterios de actuación do profesorado	1	2	3	4	5
Máis participación das familias no centro	1	2	3	4	5
Mellorar as relacións entre o profesorado e as familias	1	2	3	4	5
Mellorar a condición de traballo do profesorado	1	2	3	4	5
Facer grupos de alumnado máis reducidos	1	2	3	4	5
Mellorar os recursos do centro	1	2	3	4	5
Formar ó profesorado na resolución de conflitos	1	2	3	4	5
Formar ás familias na resolución de conflitos	1	2	3	4	5
Introducir cambios no estilo docente	1	2	3	4	5



PARTE DE INCIDENCIA

DATA		HORA	
------	--	------	--

ASUNTO	
--------	--

PERSOAS IMPLICADAS:

DESCRICIÓN DOS FEITOS:

MEDIDAS ADOPTADAS:

Docente responsable:

Familia (se procede):

Asdo:

Asdo: